

LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Formación Profesional

Cualificación trimestral

- As ponderacións para o cálculo da cualificación nas avaliacións trimestrais serán:

Grammar and vocabulary*	20%
Listening*	20%
Writing*	20%
Reading*	20%
Speaking*	10%
Classwork and homework	10%

- No caso de que un alumno/a obteña un 0 en calquera destas probas, non se fará un redondeo á alza ao introducir a nota no boletín de cualificacións.
- Se un alumno/a falta o día do exame, queda a criterio do docente determinar cando lle fará esa proba.

Cualificación final

- As ponderacións para o cálculo da cualificación na avaliación final serán:

1ª avaliación	20%
2ª avaliación	30%
3ª avaliación	50%

- Para o cálculo da cualificación da avaliación final teranse en conta as medias numéricas reais, incluíndo un ou dous decimais, e non as notas redondeadas introducidas nos boletíns de cualificacións.

Avaliación extraordinaria

- No caso de que un alumno/a non chegue ao 4,5/10 na súa cualificación final e, polo tanto, non teña superada a materia mediante as probas de avaliación trimestrais, deberá presentarse a un exame de recuperación mediante a convocatoria da avaliación extraordinaria. Neste caso, as ponderacións para o cálculo da cualificación na avaliación final serán as seguintes:

Grammar and vocabulary	25%
Listening	25%
Reading	25%
Writing	25%

- Para a elaboración destas probas teranse en conta todos os contidos impartidos durante o curso.

Perda de dereito á avaliación continua

- No caso de que un alumno/a perda a avaliación continua nesta materia, avaliaráselle a través dunha convocatoria ordinaria final tendo en conta as mesmas ponderacións que para as probas de avaliación extraordinaria.